

facilitará nos propios centros, así como na páxina web (<http://www.galescolas.net>).

Se non se presentase a devandita documentación no prazo sinalado, terase por decaída a solicitude da praza.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o vicepresidente da Igualdade e do Benestar, no prazo dun mes que comezará a contar o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Pontevedra, 24 de maio de 2007.

Francisco Javier Vereá Argibay
Delegado provincial de Pontevedra

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 97/2007, do 10 de maio, polo que se impón a afectación secundaria a favor da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, dunha parcela do dominio público portuario do porto de Cariño.

Pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, solicitouse a iniciación dun expediente de afectación secundaria en dominio público portuario no concello de Cariño coa finalidade de construír e explotar unha estación depuradora de augas residuais.

O expediente de afectación secundaria tramitouse segundo o disposto nos artigos 12 da Lei 3/1985, do 12 de abril, e 31 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o seu regulamento.

Con data do 9 de febreiro de 2007 Portos de Galicia manifestou a súa conformidade coa imposición da antedita afectación secundaria.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dez de maio de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acórdase a imposición dunha afectación secundaria a favor da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos para a construción e explotación dunha

estación depuradora de augas residuais sobre unha parcela de 940 m² integrada no dominio público portuario do porto de Cariño, de forma trapezoidal, que linda norte e leste, dique de abrigo, oeste, edificacións en ruínas de *Comercializadora de Mariscos, S.A.* (segundo catastro) e sur, rúa Fraga Iribarne.

Artigo 2º

A concorrencia da antedita afectación respecto do porto de Cariño non altera a adscrición orgánica exixida pola afectación principal, que lle conferirá ao seu titular, Portos de Galicia, as facultades de administración, xestión e conservación, sen prexuízo das competencias que lle correspondan á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos como titular do interese específico determinante da afectación secundaria.

Disposición derradeira

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a termo todos os trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

Santiago de Compostela, dez de maio de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 11 de maio de 2007 pola que se convoca e regula o programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2007/2008.

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 96 do luns, 21 de maio de 2007, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 8.324, elimínanse os anexos I e II e substitúense polos que se publican a seguir:

ANEXO I

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO	DOCUMENTO AUTORIZACIÓN DE COMPRA
---	-------------------------------------

CURSO ESCOLAR 2007/2008

DATOS DO CENTRO

DON/DONA			
DIRECTOR/A DO CENTRO			
CÓDIGO DO CENTRO		ENDEREZO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

CERTIFICACIÓN/AUTORIZACIÓN

<p>Certifica que o alumno ou alumna _____ matriculado no curso escolar 2007/2008 en _____ (indicar curso, agás en educación especial) de educación _____ (indicar nivel educativo) pode acollerse ao programa de gratuidade de libros de texto e adquirir na libraría da súa elección os libros de texto que se relacionan a seguir, que son os que foron aprobados polo órgano competente deste centro para as áreas que vai cursar o alumno ou alumna neste curso.</p>
--

LIBROS DE TEXTO

Curso (*)	Área	Título	Autor/es	Editorial	ISBN	Ano de publicación	(1)

(*) agás en educación especial

(1) No caso de que o importe máximo da subvención indicado polo centro, segundo o previsto no punto sexto da orde de convocatoria, non fose suficiente para incluír todos os libros de texto relacionados no anexo, a libraría indicará cun "X" o libro ou libros que non se incluírán na factura.

IMPORTE MÁXIMO QUE SE ABOARÁ
(punto sexto da orde de convocatoria)

LUGAR, DATA, SINATURA E SELO DO CENTRO

_____, ____ de _____ de 200__

O DIRECTOR,

Asdo.: _____

DATOS PARA CUBRIR POLA LIBRARÍA		
DENOMINACIÓN		CIF
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO
LUGAR, DATA, SINATURA E SELO		
_____, ____ de _____ de 200__		
Asdo.: _____		

DECLARACIÓN DO PAI / NAI / TITOR	
DON/DONA	
DNI	
-Acepta a subvención e comprométese a cumprir o réxime de compatibilidade establecido na disposición adicional primeira da orde de convocatoria	
- Comprométese a entregar os libros no centro (no caso de que non os entregue a libraría), a devolver os libros en perfecto estado ao remate do curso escolar e a cumprir as demais condicións da orde de convocatoria.	
LUGAR, DATA E SINATURA	
_____, ____ de _____ de 200__	
Asdo.: _____	

COMPROMISO DE ENTREGA DOS LIBROS NO CENTRO (Síñale cun "X" o que proceda)

¿A LIBRARÍA ENTREGARÁ OS LIBROS NO CENTRO?	SI	Neste caso a libraría quedarase cos dous exemplares do anexo I e deberá entregar un deles, xunto cos libros, no centro, entre o 1 e o 5 de setembro.
	NON	Neste caso a libraría devolveralle un exemplar do anexo I ao pai/nai/titor xunto cos libros, para que os pais entreguen no centro, tanto o anexo como os libros, entre o 1 e o 5 de setembro.

